

Morfoloxía \(3\)

Palabras variables 3: o verbo

Índice de contidos

1. O verbo

- 1.1. As formas non persoais**
- 1.2. As formas persoais**
 - 1.2.1. O infinitivo persoal, conxugado ou flexionado**
 - 1.3.2. Os verbos regulares**
 - 1.3.2.1. Alteracións na primeira conxugación**
 - 1.3.2.2. Alteracións na segunda conxugación**
 - 1.3.2.3. Alteracións na terceira conxugación**
 - 1.3.3. Os verbos irregulares**
 - 1.3.4. As perífrases verbais**

1. O verbo

Semanticamente, o verbo é unha clase de palabras que indica acción, procesos ou estados:

- Helena **bailou** toda a noite. (acción)
- As malas herbas **medran** axiña. (proceso)
- O enfermo **permanece** en estado crítico. (estado)

Desde este punto de vista, podemos recoñecer distintos tipos de verbos:

- **Incoativos**: indican acción no seu comezo (amañecer)
- **Imperfetivos**: indican acción no seu proceso (saber, falar, querer)
- **Terminativos**: indican acción no seu remate (anoitecer)
- **Perfectivos**: indican acción acabada (nacer, morrer)
- **Frecuentativos**: indican acción repetida (repenicar, choromicar)

Desde o punto de vista sintáctico, o verbo é o núcleo da frase verbal e funciona na cláusula como predicado. Exemplo: *Lola come na súa casa.* Recoñecemos dous tipos de verbos:

- **Transitivos**: se precisan dun complemento para a súa significación plena. A nena abriu a porta.
- **Intransitivos**: se non precisan de complementos para significar. O gato miaña.

Desde un punto de vista sintáctico e semántico, poden ser:

- **Auxiliares**: aparecen nas perifrases verbais, son aqueles verbos conjugados que ofrecen a información de número, persoa, tempo, e modo.
- **Auxiliados**: aparecen nas perifrases verbais baixo a forma de infinitivo, xerundio ou participio.
- **Animados**: se posúen un suxeito animado. Os rapaces xogan.
- **Inanimados**: se posúen suxeito inanimado. O vento zoa.

Formalmente, é unha palabra variable que está formada polo tema ou lexema, que posúe morfema raíz ou lexical e vogal temática, e morfemas de modo e tempo, e número e persoa. Concorda en número e persoa co suxeito. O seu esquema xeral é o seguinte:

$$T (R + VT) + MF (MT + NP)$$

Tema ou lexema

O significado do verbo contense no *lexema* ou *tema*. Exemplo: *dobrar* ('aumentar, ser ou ter o dobre'), *estar* ('existir ou acharse nun lugar').

levar - levo - levamos - levaches – levarades, etc.
correr - corro - corremos - correastes – correrades, etc.
vivir - vivo - vivimos - vivistes - vivirades...

Ademais, as formas verbais están constituídas por varios morfemas flexivos (desinencias).

Se os verbos non admiten suxeito (chover, nevar, etc.), ou son unipersonais (ouvear, ornear, etc.), estamos ante *verbos defectivos* formalmente.

O tema está formado por dous elementos: *raíz verbal e vogal temática*.

- *Raíz verbal*. É a parte que expresa o significado do verbo. Recoñécese suprimindo a terminación do infinitivo.

and-ar *varr-er* *part-ir*
 raíz raíz raíz

Segundo o verbo presente ou non ao longo do seu paradigma diferenzas na súa raíz, podemos falar de verbos **irregulares** e de verbos **regulares**, respectivamente.

Como norma xeral, a raíz do verbo é átona e o acento recae sobre a VT ou nas desinencias; como excepción, a primeira persoa (P1), segunda (P2), terceira (P3) e terceira do plural (P6) do presente de indicativo (IP), do subxuntivo (SP) e a P2 do imperativo (Imp.) teñen a raíz acentuada. Por este motivo, vanse orixinar algunas pequenas irregularidades nas formas dos verbos regulares, que teremos ocasión de ver nesta unidade.

Lembra que....

A **raíz** permanece inalterada nos **verbos regulares** e ten variacións, como xa veremos, nos **verbos irregulares**.

- *Vogal temática*. É a vogal que segue a raíz. Indica a conxugación á que pertence o verbo a partir da súa forma en infinitivo: -a para a primeira conxugación (CI), -e para a segunda (CII), -i para a terceira (CIII).

and-a-r *varr-e-r* *part-i-r*
 VT VT VT

O *infinitivo* consta de tema, formado pola raíz e vogal temática (a, e, i), que é a que adscribe a forma verbal a unha das tres conxugacións, e a terminación de infinitivo -r, que se denomina morfema substancial (MS, indica substancia ou esencia de acción, non tempo, modo nin aspecto).

Cantar (CI): cant-R -a-VT (CI) -r_{MS}

Varrer (CII): varr-R -e-VT (CII) -r_{MS}

Partir (CIII): part-R -i-VT (CIII) -r_{MS}

O *xerundio* e o *participio* posúen os mesmos componentes pero a terminación deixa de ser un morfema substancial (MS) e pasa a ser un morfema aspectual (MA): -ndo (*cant-a-ndo*) e -ado (*cant-a-do*).

- A VT presenta diversas alteracións na CI:

- a) alomorfo -e- na P1 do pretérito (*cant-e-i*)
- b) alomorfo -o- na P3 do pretérito (*and-o-u*)
- c) alomorfo -Ø- na P1 do presente de indicativo (*and-Ø-o*) e en todo o presente de subxuntivo (*cant-Ø-e*)

- A VT presenta diversas alteracións na CII e CIII:

- a) mesmo alomorfo para as dúas conxugacións baixo a forma -i- no copretérito (*varr-í-a*, *part-í-a*) e na PI do pretérito (*varr-í-n*, *part-í-n*). A este fenómeno denomináse *neutralización*.
- b) alomorfo -Ø- na P1 do presente de indicativo (*varr-Ø-o*, *part-Ø-o*) e en todo o presente de subxuntivo (*varr-Ø-a*, *part-Ø-a*).
- c) neutralización en -e- no resto do presente de indicativo (*varr-e-s*, *part-e-s*) e na P2 do Imp. (*varr-e*, *part-e*), excepto a P4 e P5 do presente de indicativo para as formas de CIII, cuxa VT é -i- (*part-i-mos*, *part-i-des*).
- d) neutralización en -i- no participio (*varr-i-do*, *part-i-do*).

Desinencias verbais

Ofrecen información diversa sobre a forma verbal: marcas de tempo, modo, aspecto, número e persoa nos morfemas gramaticais ligados flexivos.

TEMPO	Indica o momento en que se realiza a acción en relación co	<ul style="list-style-type: none"> • Presente. A acción é simultánea ao momento en que se fala. <i>canto, vivo</i>
-------	--	--

	momento da fala.	<ul style="list-style-type: none"> • Pasado ou pretérito. A acción é anterior ao momento en que se fala. <i>cantei, viví</i> • Futuro. A acción é posterior ao momento en que se fala. <i>cantarei, vivirei</i>
MODO	Marca a actitude do falante ao presentar a acción verbal.	<ul style="list-style-type: none"> • Indicativo. O falante é obxectivo. Expressa accións e feitos reais. <i>Hoxe cantamos nun concerto.</i> • Subxuntivo. O falante é subxectivo. Expressa as accións como posibles, deseables, dubidosas... <i>Quizais mañá chova. (probabilidade. (dúbida))</i> <i>Gustariáme que vixássemos no verán. (desexo)</i> <i>Se chegasen cedo iríamos todos xuntos ao cine. (probabilidade)</i> • Imperativo. O falante expresa mandato, orde ou prohibición. <i>cala</i> (un único receptor/a) <i>calade</i> (varios receptores/as)
PERSOA	Expresa quen realiza a acción verbal.	<ul style="list-style-type: none"> • 1^a Intervén o falante: <i><u>eu</u> canto <u>nós</u> cantamos</i> • 2^a Intervén o oínte: <i><u>ti</u> cantas <u>vós</u> cantades</i> • 3^a Non intervén nin o falante nin o oínte: <i><u>el</u> canta <u>eles</u> cantan</i>
NÚMERO	Indica se a acción verbal a realiza un ou varios seres.	<ul style="list-style-type: none"> • Singular. Intervén un só individuo: <i>ti cantas</i> • Plural. Interveñen dous ou máis individuos: <i>elas cantan</i>
ASPECTO	Non se expresa mediante desinencias verbais. Fai referencia a se a acción está acabada ou inacabada.	<ul style="list-style-type: none"> • Perfectivo. O proceso contémplase como acabado. <i>Xa cantaron no concerto.</i> • Imperfectivo. O proceso contémplase como inacabado. <i>Estaban cantando no concerto.</i>

Repara en que...:

En galego non existen os tempos compostos con *haber*. No seu lugar, os matices temporais exprésanse a través de procedementos analíticos: as perifrases verbais, que veremos nos apartados seguintes.

Morfemas de modo e tempo

Estes morfemas gramaticais de modo e tempo (MMT) sitúanse despois da VT. Os MMT son os seguintes:

- a) presente de indicativo: Ø nas tres conxugacións:

Morfoloxía verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
and-	-Ø-	-Ø-	-Ø-	-o
varr-	-Ø-	-Ø-	-Ø-	-o
part-	-Ø-	-Ø-	-Ø-	-o

Prodúcese unha coincidencia formal entre a P3 do presente de indicativo e a P2 do imperativo (el marcha / marcha ti), así como entre a P4 do presente e a P4 do pretérito (marchamos). Este fenómeno coñécese como *sícretismo*.

b) copretérito: para a Cl, o MMT é -ba-, e para as CII e CIII -a-:

Morfoloxía verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
and-	-a-	-ba-	-ba-	-s
varr-	-í-	-a-	-a-	-s
part-	-í-	-a-	-a-	-s

c) pretérito de indicativo: Ø nas tres conxugacións. Os MNP son suficientes para expresar os valores dos MMT:

Morfoloxía verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
and-	-o-	-Ø-	-Ø-	-u
varr-	-e-	-Ø-	-Ø-	-ron
part-	-i-	-Ø-	-Ø-	-stes

d) futuro de indicativo: -re- na P1, P4 e P5 e -ra- na P2, P3 e P6:

Morfoloxía verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
march-	-a-	-re-	-re-	-i
varr-	-e-	-rá-	-rá-	-s
part-	-i-	-rá-	-rá-	-Ø

e) antepretérito: -ra- para todas as persoas das tres conxugacións:

Morfoloxía verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
march-	-a-	-ra-	-ra-	-mos
varr-	-e-	-ras	-ras	-s
part-	-i-	-ra-	-ra-	-des

f) pospretérito: -ría- para todas as persoas das tres conxugacións:

Morf. 1º 2º 3º	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP

	march-	-a-	-ría-	-Ø
	varr-	-e-	-ría-	-s
	part-	-i-	-ría-	-mos

g) presente de subxuntivo: na Cl -e-; na CII e CIII -a-:

Morfoloxia verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
	march-	-Ø-	-e-	-Ø
	varr-	-Ø-	-a-	-s
	part-	-Ø-	-a-	-mos

h) pretérito de subxuntivo: -se- para todas as persoas das tres conxugacóns:

Morfoloxia verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
	march-	-a-	-se-	-mos
	varr-	-e-	-se-	-des
	part-	-i-	-se-	-n

i) futuro de subxuntivo: para a P1, P3, P4 e P5 -r-, e para a P2 e P6 -re:

Morfoloxia verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
	march-	-a-	-r-	-Ø
	varr-	-e-	-re-	-s
	part-	-i-	-r-	-mos

l) imperativo: -Ø- nas dúas persoas (p2, P5) das tres conxugacóns.

Morfoloxia verbal	Morfema léxico		Morfemas gramaticais	
	R	VT	MMT	MNP
	march-	-a-	-Ø-	-Ø
	varr-	-e-	-Ø-	-Ø
	part-	-i-	-Ø-	-de

Morfemas de número de persoa

Sitúanse ao final das formas verbais e serven para indicaren o número e a persoa do suxeito da acción verbal. A eles van soldados os pronomes persoais átonos (*deixáches/les*). Os morfemas de número de persoa (MNP) son os seguintes:

Primeira persoa				
-Ø: en xeral	am-	-a-	-ba-	-Ø
-o: presente de indicativo das tres conxugación	bat-	-Ø-	-Ø-	-o
-i: pretérito de indicativo da C1 futuro de indicativo das tres conxugacións	cant- part-	-e- -i-	-Ø- -re-	-i
-n: pretérito de indicativo da CII e da CIII	part-	-í-	-Ø-	-n
Segunda persoa				
-s: en xeral	am-	-a-	-ba-	-s
-ches: pretérito de indicativo para as tres conxugacións	bat-	-i-	-Ø-	-ches
-Ø: imperativo	part-	-e-	-Ø-	-Ø
Terceira persoa				
-Ø: en xeral	march-	-a-	-ra-	-Ø
-u: pretérito de indicativo das tres conxugacións	part-	-i-	-Ø-	-u
Cuartá persoa				
-mos: en xeral	am-	-a-	-re-	-mos
-mo: cando vai seguido do pronomé clítico -nos	amámonos			
Quinta persoa				
-des: en xeral	varr-	-e-	-Ø-	-des
-stes: pretérito de indicativo	am-	-a-	-Ø-	-stes
-de: imperativo	part-	-i-	-Ø-	-de
Sexta persoa				
-n: en xeral	cant-	-a-	-ba-	-n
-ron: pretérito de indicativo	part-	-i-	-Ø-	-ron

1.1. As formas non persoais

As formas nominais ou non persoais son o infinitivo, o xerundio e o participio, que carecen de desinencias de tempo e modo, e de número e persoa.

- **Infinitivo:** *and-ar, varr-er, part-ir*

O infinitivo pode funcionar como un *substantivo*:

- *Andar* sentoulle ben (SUX)

Lembra que...:

O infinitivo en galego presenta derivación de número e persoa, o que dá lugar á forma do infinitivo conxugado ou persoal, que veremos no apartado seguinte.

- **Xerundio:** *and-ando, varr-endo, part-indo*

O xerundio pode funcionar como un adverbio:

- *Camiñaba alancando* (CCM)

- **Participio:** *and-ado, varr-ido, part-ido*

O participio pode funcionar como un adjetivo:

- *O neno durmido parecía un anxiño* (MOD).

O participio dos verbos galegos presenta dúas posibilidades: poden ser regulares e irregulares. En galego existen verbos que constrúen o participio só coa forma regular, outros únicamente coa irregular, e outro grupo de verbos poden formar o participio a través de participios tanto regulares como irregulares.

1) Verbos que teñen un participio regular formado co morfema **-do**, que son a maioría:

<i>andar</i>	<i>andado/a</i>
<i>beber</i>	<i>bebido/a</i>
<i>vivir</i>	<i>vivido/a</i>

2) Verbos que posúen un participio irregular:

<i>abrir</i>	<i>aberto/a</i>
<i>dicir</i>	<i>dito/a</i>
<i>escribir</i>	<i>escrito/a</i>
<i>facer</i>	<i>feito/a</i>
<i>morrer</i>	<i>morto/a</i>
<i>poñer/pór</i>	<i>posto/a</i>
<i>ver</i>	<i>visto/a</i>

3) Verbos que teñen dous participios, un regular e outro irregular:

VERBO	PARTICIPIO REGULAR	PARTICIPIO IRREGULAR
cansar	<i>cansado/a</i>	<i>canso/a</i>
calmar	<i>calmado/a</i>	<i>calmo/a</i>
coller	<i>collido/a</i>	<i>colleito/a</i>
comer	<i>comido/a</i>	<i>comestido/a</i>

envolver	envolvido/a	envolto/a; envolvento/a
enxugar	enxugado/a	enxoito/a
nacer	nacido/a	nado/a
pagar	pagado/a	pago/a
quentar	quentado/a	quente
recolher	recolrido/a	recolleito/a
resolver	resolvido/a	resolto/a
torcer	torcido/a	torto/a

Nos verbos con dous participios, empregaremos a forma regular con valor *verbal*, isto é, nas perifrases (inclusa a pasiva), e o participio irregular con valor *adxectivo*, nos demais casos.

Fíxate nos exemplos:

- Hoxe estou moi **cansa** (valor adxectivo).
- O queixo apareceu **comestío** (valor adxectivo) polos ratos.
- Non dou **quentado** (valor verbal) os pés con tanta viruxa que vai.
- O público foi **calmado** (valor verbal) pola presentadora.

1.2. As formas persoais

En galego, como vimos, temos os tempos de presente, pretérito e futuro tanto en modo indicativo como en subxuntivo. Ademais, partindo dun tempo pasado, no modo indicativo posuímos o antepretérito (pasado do pasado), o copretérito (presente do pasado) e o pospretérito (futuro do pasado). Atende os exemplos:

- Canto → presente de indicativo (IP)
- Cantei → pretérito de indicativo (IPr)
- Cantarei → futuro de indicativo (IF)
- Dixo que cantara (pasado do pasado) → antepretérito (IAP)
- Dixo que cantaba (coincidencia no pasado) → copretérito (ICP)
- Dixo que cantaría (futuro no pasado) → pospretérito (IPP)

anda / varre / parte		
presente ando / varro / parto	pretérito andei / varrín / partín	copretérito andaba / varría / partía
antepretérito andara / varrera / partira	futuro andarei / varrerei / partirei	conditional andaría / varrería / partiría
presente ande / varra / parta	pretérito andase / varrese / partise	futuro andar / varrer / partir

Cada tempo verbal transmite un valor modal e temporal concreto, que se ve enriquecido con outros matices, que converten a utilización dos tempos verbais nun recurso estilístico de grande relevancia. Observa na seguinte táboa:

INDICATIVO		
		Presente (IP)
Significado		Valor
Acción non rematada, simultánea ao momento de fala.	De presente	<ul style="list-style-type: none"> - actual: acción que se realiza non momento da enunciación. <i>Pecho a fiestra</i>. - atemporal ou permanente (gnómico): refírese a expresións cuxa verdade se concibe fóra do tempo, con validez universal e ilimitada. Aparece en refráns, proverbios, dogmas, ciencia, etc. <i>A auga ferve aos cen graos</i>. - habitual: expresa accións habituais, que se repiten con regularidade. <i>Sempre chegamos ás tres</i>.
	De pasado	<ul style="list-style-type: none"> - histórico: é un valor que, no presente, narra ou presenta situacións pasadas, co que se concede maior expresividade aos feitos ocorridos. <i>Castelao morre en Bos Aires en 1950</i>.
	De futuro	<ul style="list-style-type: none"> - valor de futuro: o presente posúe un valor prospectivo, para marcar un feito que probablemente se ha realizar. <i>Mañá imos ao cine</i>. - valor imperativo: expresa accións non iniciadas que se van realizar no futuro. <i>Tí pídeslllo e dásme</i>.
Copretérito (ICP):		
Acción simultánea ao tempo pasado.		<ul style="list-style-type: none"> - coincidencia no pasado: <i>cando chamou non estabas</i>. - valor habitual: indica accións usuais ou repetidas no pasado. <i>Antes saímos todos os xoves</i>. - valor de cortesía: atenúa a dureza das expresións. <i>Quería preguntarille...</i> - valor de futuridade no pasado: <i>dixo que marchaba mañá</i>. - narrativo ou literario: é o tempo empregado na acción narrativa. <i>Había unha vez dúas rapazas...</i>
Pretérito (IPr)		
Presenta feitos xa rematados, pasados.		<ul style="list-style-type: none"> - acción rematada: <i>mercou unha casa</i>. - valor de futuro: indica unha acción situada nun momento anterior a outros que vai vir no futuro. <i>Cando veñan os bombeiros, xa ardeu todo</i>.
Antepretérito (IAP)		

Acción anterior a un momento pasado.	- anterioridade ao pasado: <i>cando chamou xa marcharas.</i> - valor de cortesía: <i>quixerá preguntarlle...</i> - valor desiderativo: <i>quen puidera marchar convosco de viaxe.</i>
Futuro (IF)	
Acción posterior ao momento en que se fala.	- posterioridade: <i>mañá sairemos ás tres.</i> - valor de obligación: <i>levarás as cousas que che dixen.</i> - valor de probabilidade: <i>valerán dez euros.</i> - valor de cortesía: <i>quererá facerme un favor?</i> - valor de pasado enfático: <i>coa chegada de Franco, serán castigados os opositos ao réxime.</i>
Pospretérito (PP)	
Posterioridade con respecto ao pasado	- posterioridade no pasado: <i>onte dixo que sairían ás tres da tarde.</i> - valor de cortesía: <i>querería dicirme a hora?</i> - valor de probabilidade: referida a un momento pasado. <i>Andaría polos vinte anos cando soubo que a música era o seu destino.</i> - valor de pasado enfático: <i>coa chegada de Franco, serían castigados os opositos ao réxime.</i>
SUBXUNTIVO	
Presente (SP)	
Acción non real, virtual, non acabada, que pode ser posterior ou simultánea ao momento de fala	- simultaneidade: <i>deixa que entre.</i> - futuridade: <i>díxoche que o recollas na casa</i> - desexo ou rogo: <i>queira Deus non estean os cristais rotos!</i> - dúvida: <i>poida que non me crea.</i> - mandato: <i>que saian todos de aquí agora mesmo.</i>
Pretérito (SPr)	
tempo referente, pode indicar anterioridade coincidencia ou posterioridade con respecto a un feito pasado	- anterioridade: <i>sinto que non che desen as axudas.</i> - coincidencia: <i>parecía como se soubese o que tiña que facer.</i> - futuridade: <i>díxenlle que me trouxese iso mañá.</i> - condición ou suposto nos enunciados condicionais e concesivos: <i>se chamases, iríamoste buscar antes.</i>
Futuro (SF)	
acción futura probable, pero pode ter valor atemporal	- eventualidade no futuro: <i>non entrarán os que chegaren tarde.</i> - valor modal: <i>onde fores, fai como vires.</i>
IMPERATIVO	
Mandato temporalmente coincidente co	<i>Chama a túa irmá e dille que veña.</i>

Ademais destas formas verbais, o infinitivo en galego pode presentar derivación ligada flexiva de persoa e número, que presentamos a continuación.

1.2.1. O infinitivo persoal, conxugado ou flexionado

En galego o infinitivo pode levar desinencias de número e persoa como calquera outro tempo verbal, para indicar a súa concordancia co suxeito: o *infinitivo conxugado*. As principais regras que gobernan o seu uso son as seguintes:

	Andar	Beber	Vivir
1 ^a	andar	beber	vivir
2 ^a	andares	beberes	vivires
3 ^a	andar	beber	vivir
4 ^a	andarmos	bebermos	vivirmos
5 ^a	andardes	beberdes	vivirdes
6 ^a	andaren	beberen	viviren

Exemplos:

- Ao **saímos** do cine atopamos a Xosé. (Nós)
- Saíron con tempo para **chegaren** cedo. (Eles/Elas)
- Aínda que eles volvan tarde, procura **chegares** cedo. (Ti)
- Quen estaba alí ó **entrardes**? (Vós)

- É **obrigatorio** empregar o infinitivo conxugado:

- Cando o suxeito do infinitivo, sendo distinto do verbo principal, non está expreso e desexas marcalo.

Convén irmos entrando no avión.

- Cando o infinitivo leva un suxeito expreso distinto do verbo principal.

O avogado demostrou teren razón os acusados.

- Non podemos conxugar o infinitivo:

- Cando o infinitivo e o verbo principal teñen o mesmo suxeito.

Queremos ir con eles á viaxe de fin de curso.

- Cando o infinitivo é parte dunha perífrase.

Ten que traer a pantalla nova do ordenador.

- Nas frases feitas, refráns, sentenzas etc. que expresan verdades intemporais

1.3.2. Os verbos regulares

Son verbos regulares aqueles que conservan a raíz e engaden as mesmas desinencias correspondentes á súa conxugación.

I Conxugación	II Conxugación	III Conxugación
<i>andar</i>	<i>varrer</i>	<i>partir</i>
ando	varro	parto
andas	varres	partes
anda	varre	parte
andamos	varremos	partimos
andades	varredes	partides
andan	varren	parten
andaba	varría	partía
andabas	varrías	partías
andaba	varría	partía
andabamos	varriamos	partiamos
andabades	varriades	partiades
andaban	varrían	partían
andei	varrín	partín
andaches	varriches	partiches
andou	varreu	partiu
andamos	varremos	partimos
andastes	varrestes	partistes
andaron	varreron	partiron
andara	varrera	partira
andaras	varreras	partiras
andara	varrera	partira
andaramos	varreramos	partiramos
andarades	varrerades	partirades
andaran	varreran	partiran
andarei	varrerei	partirei
andarás	varrerás	partirás
andará	varrerá	partirá
andaremos	varreremos	partiremos
andaredes	varreredes	partiredes

andarán	varrerán	partirán
FORMATIVO		
andaría	varrería	partiría
andarías	varrerías	partirías
andaría	varrería	partiría
andariamos	varreríamos	partiríamos
andariades	varreriades	partiriades
andarían	varrerían	partirían
SUBXUNTIIVO		
PRESIDENTE		
ande	varra	parta
andes	varras	partas
ande	varra	parta
andemos	varramos	partamos
andedes	varrades	partades
anden	varran	partan
PERFECTO		
andase	varrese	partise
andases	varreses	partises
andase	varrese	partise
andásemos	varrésemos	partísemos
andásedes	varrésedes	partísedes
andasen	varresen	partisen
ELITICO		
andar	varrer	partir
andares	varreres	partires
andar	varrer	partir
andarmos	varrermos	partirmos
andardes	varrerde	partirdes
andaren	varreren	partiren
IMPERATIVO		
anda	varre	parte
andade	varrede	partide

Nalgúns verbos regulares prodúcese unha alternancia na vogal da raíz verbal nuns tempos e persoas concretos. O resto do paradigma é completamente regular.

1.3.2.1. Alteracións na primeira conxugación

Algúns verbos, que levan na raíz verbal e ou o, teñen a vogal aberta [E] e [O] cando a raíz é tónica e pechada, [e] e [o], cando é átona.

A alternancia distribúese desta maneira:

- **Presentes de indicativo e de subxuntivo:** levan vogal aberta as tres persoas do singular e a 3^a do plural. As outras levan vogal pechada.
- **Imperativo:** a 2^a persoa do singular leva vogal aberta e a do plural, pechada.

PRESENTE DE INDICATIVO	PRESENTE DE SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>espero</i> [E]	<i>espere</i> [E]	
<i>esperas</i> [E]	<i>espereis</i> [E]	<i>espera</i> [E]
<i>espera</i> [E]	<i>espere</i> [E]	
<i>esperamos</i> [e]	<i>esperemos</i> [e]	
<i>esperades</i> [e]	<i>esperedes</i> [e]	<i>esperade</i> [e]
<i>esperan</i> [E]	<i>espereis</i> [E]	

Conxúganse deste xeito *esperar*, *alegrar*, *espertar*, *entregar*, *levar*, *acordar*, *atopar*, *probar*, *tomar*, *xogar*, etc.

1.3.2.2. Alteracións na 2^a conxugación

Case todos os verbos desta conxugación que levan na raíz verbal e ou o teñen alternancia entre a vogal aberta [E] e [O], e a pechada [e] e [o].

A alternancia distribúese da seguinte maneira:

- **Presente de indicativo:** levan vogal aberta a 2^a e a 3^a persoas do singular e a 3^a persoa do plural. As outras levan a vogal pechada.

PRESENTE DE INDICATIVO	
<i>b_ebo</i> [e]	<i>c_omo</i> [o]
<i>b_eb_es</i> [E]	<i>c_om_es</i> [O]
<i>b_eb_e</i> [E]	<i>c_om_e</i> [O]
<i>b_eb_em_os</i> [e]	<i>c_om_em_os</i> [o]
<i>b_eb_ed_es</i> [e]	<i>c_om_ed_es</i> [o]
<i>b_eb_en</i> [E]	<i>c_om_en</i> [O]

Conxúganse deste xeito a maioría dos verbos da segunda conxugación. Exclúense desta alternancia os verbos *querer*, *quecer* e *esquecer*, que posúen todos vogal [E], *poder*, que posúe vogal [O], así como os verbos con [e] do tipo *deber*, *crer*, *ler*, *sobreser* e derivados.

1.3.2.3. Alteracións na 3^a conxugación

Nos verbos desta conxugación pódense dar *alternancias* na vogal final da raíz verbal.

Fíxate nestes exemplos:

- A está rapaza non lle **serve** a roupa do ano pasado.
- Meu pai **segue** traballando nuns grandes almacéns.
- O neno **dorme** sempre destapado.
- Elas sempre **soben** correndo as escaleiras.

As alternancias poden ser dalgún destes tipos:

- **Cambio de e tónico por i:** este cambio prodúcese nas tres persoas do singular e na 3^a do plural do presente de indicativo, en todo o presente de subxuntivo e na 2^a persoa do singular do imperativo.

PRESENTE DE INDICATIVO	PRESENTE DE SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>advirto</i>	<i>advirta</i>	
<i>advirtes</i>	<i>advirtas</i>	
<i>advirte</i>	<i>advirta</i>	<i>advirte</i>
<i>advertimos</i>	<i>advirtamos</i>	
<i>advertides</i>	<i>advirtades</i>	
<i>advirtén</i>	<i>advirta</i>	<i>advertide</i>

Conxúganse deste xeito *vestir*, *advertir*, *divertir*, *pedir*, *preferir*, *medir*, *competir*, *pedir* e derivados, etc.

- **Cambio de e, aberto [E] ou pechado [e], por i:** este cambio dáse na 1^a persoa do singular do presente de indicativo, en todo o presente de subxuntivo e na 2^a persoa do singular do imperativo.

PRESENTE DE INDICATIVO	PRESENTE DE SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>sirvo</i>	<i>sirva</i>	
<i>serves [E]</i>	<i>sirvas</i>	<i>sirve</i>
<i>serve [E]</i>	<i>sirva</i>	
<i>servimos [e]</i>	<i>sirvamos</i>	
<i>servides [e]</i>	<i>sirvades</i>	
<i>serven [E]</i>	<i>sirvan</i>	<i>servide</i>

Conxúganse deste xeito *sentir*, *seguir*, *mentir*, *ferir* e os seus derivados e compostos.

- **Cambio de o aberto, [O], por u:** este cambio dáse na 2^a e na 3^a persoa do singular e na 3^a do plural do presente de indicativo.

PRESENTE DE INDICATIVO	PRESENTE DE SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
<i>fuxo</i>	<i>fuxa</i>	
<i>foxes</i> [O]	<i>fuxas</i>	<i>fuxe</i>
<i>foxe</i> [O]	<i>fuxa</i>	
<i>fuximos</i>	<i>fuxamos</i>	
<i>fuxides</i>	<i>fuxades</i>	<i>fuxide</i>
<i>foxen</i> [O]	<i>fuxan</i>	

Conxúganse deste xeito *durmir, acudir, cubrir, fundir, lucir, subir*, etc.

1.3.3. Os verbos irregulares

Son aqueles que presentan variacións non só vocálicas da raíz verbal nalgúns persoas ou tempos.

As irregularidades do verbo pódense presentar na raíz e poden afectar os presentes de indicativo e subxuntivo ou os tempos de perfecto, principalmente dalgunha destas dúas maneiras:

- Na 1ª persoa do presente do indicativo e do subxuntivo.

	DICIR	VALER	VER
1ª P. SING. PRESENTE INDICATIVO	<u><i>digo</i></u>	<u><i>vallo</i></u>	<u><i>vexo</i></u>
PRESENTE SUBXUNTIVO	<u><i>diga</i></u>	<u><i>valla</i></u>	<u><i>vexa</i></u>
	<u><i>digas</i></u>	<u><i>vallas</i></u>	<u><i>vexas</i></u>
	<u><i>diga</i></u>	<u><i>valla</i></u>	<u><i>vexa</i></u>
	<u><i>digamos</i></u>	<u><i>vallamos</i></u>	<u><i>vexamos</i></u>
	<u><i>digades</i></u>	<u><i>vallades</i></u>	<u><i>vexades</i></u>
	<u><i>digan</i></u>	<u><i>vallan</i></u>	<u><i>vexan</i></u>

- No tema do verbo.

Algúns verbos presentan dous temas diferentes segundo o tempo en que se conxuguen. Os dous temas son os seguintes:

– tema de presente. É o que se utiliza no presente, no copretérito, no futuro e no condicional do indicativo, así como no presente de subxuntivo, no imperativo e no infinitivo conxugado.

ESTAR		
INDICATIVO	PRESENTE	<u><i>estou</i></u>
	COPRETÉRITO	<u><i>estaba</i></u>

	FUTURO	<u>estarei</u>
	CONDICIONAL	<u>estaría</u>
SUBXUNTIVO	PRESENTE	<u>esteá</u>
	INFINITIVO CONXUGADO	<u>estar</u>

– tema de pretérito. É o que se usa no pretérito, no antepretérito de indicativo, no copretérito e no futuro do subxuntivo.

		ESTAR
INDICATIVO	PRETÉRITO	<u>estiven</u>
	ANTEPRETÉRITO	<u>estivera</u>
SUBXUNTIVO	COPRETÉRITO	<u>estivese</u>
	FUTURO	<u>estiver</u>

Ten en conta que o futuro de subxuntivo se forma co tema de pretérito, ao cal se lle engaden as desinencias persoais. Non debes confundilo coa formación do infinitivo persoal ou conxugado, que se forma a partir do infinitivo, ao cal se lle engaden as desinencias persoais. Nos verbos regulares coincidirán formalmente, pero nos verbos irregulares non:

Infinitivo conxugado	Futuro de subxuntivo
estar	estiver
estares	estiveres
estar	estiver
estarmos	estivermos
estardes	estiverdes
estaren	estiveren
andar	andar
andares	andares
andar	andar
andarmos	andarmos
andardes	andardes
andaren	andaren

Repara agora na diferenza entre o verbo *ver* e o verbo *vir*:

- Andrés **vén** de cear na súa casa. (verbo *vir*)
- Eles **ven** a televisión até moi tarde. (verbo *ver*)
- Ti **vés** ou quedas? (verbo *vir*)
- Ti **ves** o que eu vexo? (verbo *ver*)
- Eu **vin** pasar uns días. (verbo *vir*)
- Onte **vin** un espectáculo de maxia. (verbo *ver*)

1.3.4. As perifrases verbais

As perífrases son una agrupación de varias formas verbais constituídas por un verbo conxugado e unha forma finita (infinitivo, xerundio ou participio), unidos ás veces por un elemento de enlace (unha preposición ou a conjunción *que*).

O significado que presenta este complexo verbal é unitario e non se pode sinalar independentemente por ningunha das formas verbais que a componen nin por outra forma verbal de uso habitual.

Aínda que non é unha unidade léxica (son máis de unha palabra), constitúen unha unidade formal, en tanto que se comporta no discurso como núcleo da frase verbal.

Lembra que...:

A diferenza doutros complexos verbais (encontro de verbos), as perífrases compórtanse como se fosen un único verbo.

- Creo que non **darei feito** o traballo (perífrase)
- Quero mercarche algo bonito (non é perífrase)
- Teño que revisar os meus apuntamentos (perífrase)
- Creo que irei contigo ao cine (non é perífrase)
- Deu en chover toda a mañá (perífrase)

Para recoñecer as perífrases, (1) o verbo auxiliar debe perder o seu significado, polo menos parcialmente: *teño que estar alí ás tres e media* (o verbo *ter* perdeu o seu significado de posesión). (2) O suxeito e os complementos seleccionaños o verbo auxiliado, non o auxiliar (no exemplo anterior, *estar ás tres e media*, non **ter ás tres e media*). (3) A forma non persoal non pode ser substituída por outros elementos equivalentes (*Teño que estar* → **téñoo*). (4) Se se pregunta polo contido da forma persoal, débese manter a forma da perífrase (*Teño que estar ás tres e media* → *Onde tes que estar ás tres e media?*, e non **Onde tes?, *que tes?*).

No conglomerado que constitúen as perífrases, o verbo conxugado ofrece a información gramatical e a forma finita o significado léxico.

<u>teño</u>	<u>que</u>	<u>chamalo</u>	<u>estamos</u>	<u>estudando</u>
v. conxugado	enlace	f. finita (infinitivo)	v. conxugado	f. finita (xerundio)

As perífrases verbais poden facer referencia ao principio ou ao final da acción, ou ben a outros valores semánticos como a obriga de realizar algo ou o feito de que a acción ou non chegase a suceder ou se vaia desenvolver no futuro.

Desenvolvemento interno da acción

As seguintes perífrases indican se a acción comezou, rematou ou aínda se está a desenvolver.

• **Incoativas:** indican o comezo da acción.

- *Comezar/Romper/Botar(se) a + infinitivo. Rompeu a ler cando aínda era moi nova.*
- *Poñerse/pórse a + infinitivo. Púxose a cantar ben forte na voda.*
- *Dar en + infinitivo. Deu en chover máis á noitiña.*
- *Empezar a + infinitivo. Empezou a chegar xente de todas as partes.*

• **Perfectivas:** informan de que a acción está terminada.

- *Acabar de + infinitivo. Acabaron de xantar ás seis.*
- *Deixar de + infinitivo. O vento deixou de soprar a media tarde.*
- *Dar + participio. Non demos chegado a tempo para coller o tren.*
- *Ir + participio. Xa vai acabado o tempo de xogarmos coma nenos.*
- *Levar + participio. No que vai de clase leva feitos seis exercicios.*
- *Ter + participio. Teño ido moitas veces de viaxe con el.*

• **Imperfectivas:** indican que unha acción aínda non terminou, que está a desenvolverse.

- *Andar a + infinitivo. Andan a apañar castañas.*
- *Estar a + infinitivo. Estou a sacar o carné de conducir.*
- *Andar + xerundio. Andaban dicindo que probaran cogomelos.*
- *Estar + xerundio. Están estudando moito.*
- *Levar + xerundio. Levan falando polo teléfono unha hora.*
- *Seguir a + infinitivo. A estas horas aínda seguen a xogar á baralla.*
- *Seguir + xerundio. Segue estudando en Lugo.*
- *Ser a + infinitivo. Naquela festa todos eran a bailar e beber.*
- *Ir + xerundio. Vaian recollendo que xa é a hora.*
- *Vir + xerundio. Veñen buscando o mesmo ca nós: descanso.*

• **Terminativas:** acción no remate do seu proceso.

- *Chegar a + infinitivo. Se segues así non creo que chegues a rematar o curso.*
- *Vir (a) + infinitivo. A túa anterior actitude desconfiada veume dar a razón.*
- *Acabar por + infinitivo. Acabarei por deixala ir á excursión.*